

SOCIOS DO PROXECTO WOM@RTS  
AUDITORIO DE GALICIA

Akademija primijenjenih umjetnosti Sveučilišta u Rijeci (Croacia)  
Auditorio de Galicia (España)  
Centre Audiovisuel Simone de Beauvoir (Francia)  
Factoría Cultural de Avilés (España)  
Grand Angoulême (Francia)  
LIT Limerick Schol of Art and Design (Irlanda)  
UGM Umetnostna galerija Maribor (Eslovenia)  
Vilniaus rotušė (Lituania)  
Women in Film & Television WIFT (Finlandia)

#### HORARIO DE SALA

Entrada gratuíta  
Todos os días de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h  
(Os días de concerto a sala de exposicións pecha ás 19.00 h)

Fernanda Álvarez Jimenez, Aoife Barrett,  
Haya Blanco, Teresa Búa, Cristina Busto Álvarez,  
Stéphanie Cadoret, María Castellanos Vicente,  
Fionnuala Doran, Marta Fermín, Mina Fina,  
Nanu González, Scotty Hervouet, Shelagh Honan,  
Korina Hunjak, Jo Kelley, Samira Kentrić,  
Melinda Kostelac, Raquel Lagartos, Hanne Larsen,  
Akvile Magicdust, Maura McHugh, Louise Mendoche,  
Merieme Mesfioui, Petra Mrša, Lorraine Neeson,  
Mery Pais, Ana Pečar, Audrey Potrat, Marija Stonyte,  
Martta Tuomaala, Xulia Vicente, Neringa Žukauskaitė

# INVISIBLE

W arts M



30 outubro / 15 decembro 2109  
Auditorio de Galicia

Os traballos que desenvolven as 32 creadoras que forman parte desta exposición toman como punto de partida O segundo sexo de Simone de Beauvoir no 70 aniversario da primeira publicación deste ensaio. Beavoir preguntouse que é unha muller analizando o papel que desenvolve ao longo da historia e explorando con este fin moitas áreas que van desde a bioloxía ata o mito.

Este tema foi eixe das residencias que estas 32 artistas realizaron en tres das cidades socias do proxecto Wom@rts que, cofinanciado polo Programa Europa Creativa, está liderado polo Auditorio de Galicia.

As residencias tiveron lugar en Avilés (arte dixital), Angoulême (ilustración e cómic) e Lymerick (gravado).

As obras –resultado das estadias das creadoras– reflicten o que significa ser muller, especificamente ser artista-muller no contexto actual. Narracións complexas que abordan temas íntimos, crítica social, humor..., e que nos sitúan ante a falta de recoñecemento da experiencia e da mirada feminina. Entrelazamento de ideas, investigacións e intercambios entre mulleres artistas de diferentes países e culturas.

Cada lugar de itinerancia desta exposición convértese

nunha oportunidade de tecer novas conexións e de resaltar contidos. Ao abeiro disto, o título da mostra cambia en cada equipamento co fin de expandir os temas. Así invisible Wom@rts é o título co que pretendemos profundizar e facer VISIBLE esta nova era da creatividade das mulleres, instándolas á responsabilidade de tomar o destino nas súas mans.

Catro foron as artistas invitadas por parte do Auditorio de Galicia para participar nas residencias: viaxaron a Avilés a muxiá Tere Búa (1991) xunto á compostelá Mery Pais (1990) para participar no encontro de artistas dixitais; a Lymerick, á cita do gravado e a estampación, a tamén compostelá Haya Blanco (1984); e ao encontro da ilustración en Angoulême acudiu Xulia Vicente (A Coruña, 1993).

O obxectivo desta mostra, parte esencial do proxecto Wom@rts, é ofrecerlles ás artistas, desde unha plataforma creativa, máis visibilidade, darlles voz e axudar a comprender o seu papel.



## ARTISTAS

**Fernanda Álvarez Jiménez**, 1967, Cidade de México, México É diplomada en gravado e edición de arte. Participou en seminarios e obradoiros en España, foi artista residente na Factoría Cultural Avilés e exerce como profesora de gravado neste centro.

**Aoife Barrett**, 1984, Escocia

A súa obra como gravadora céntrase na inclusión, a colaboración e a comunidade. Ten recibido múltiples premios e bolsas no ámbito da empresa social. A obra de Aoife exhibiuse en numerosas exposicións individuais e colectivas e está presente en varias coleccións públicas e privadas.

**Haya Blanco Fuentes**, 1984, Santiago de Compostela, Galicia Empezou escribindo e ilustrando libros infantís durante a súas residencias artísticas en Berlín. Dende que regresou a Galicia, centrouse en pintar no seu estudio. No 2016 montou o seu taller de serigrafía, onde creou a súa marca ecolóxica Toupa Monstro.

**Teresa Búa**, 1991, Muxía, Galicia

Ten un mestrado de Creación e Investigación en Arte Contemporánea, ademais de dous graos en Belas Artes. Recibiu numerosos premios no eido do deseño téxtil e a fotografía.

**Cristina Busto Álvarez**, 1976, Avilés, Asturias

Ademais de dedicarse ao debuxo, traballa coa vídeo instalación e a performance.

**Stéphanie Cadoret**, 1981, Meaux, Francia

En tanto que cineasta, performer audiovisual en vivo e académica investigadora, o seu campo de traballo son as imaxes en movemento. Experimenta coas técnicas tradicionais de debuxo e a hibidración do medio dixital, así como coa dramaturxia filmica e as novas formas de narrar. As súas películas narran historias sobre as dificultades das relacións interpersoais e nelas emprega poéticas metáforas visuais para expresar os estados anímicos das súas personaxes.

**María Castellanos Vicente**, 1985, Xixón, Asturias

É artista e investigadora; licenciada e doutora en Belas Artes. A súa tese trata sobre as próteses tecnolóxicas e céntrase na hibridación entre os ciborgs e os wearables (dispositivos incorporados á roupa) como paradigma para ampliar as capacidades sensoriais do ser humano.

**Fionnuala Doran**, 1984, Lurgan, Irlanda

Artista irlandesa que vive e traballa entre Escocia e Inglaterra. Graduouse no Royal College of Art no 2015, traballou no campo da Belas Artes e do cómic, foi directora da Catalyst Art Gallery e coeditora de Modern Times, unha revista británica de periodismo gráfico. Tomou parte en numerosas residencias artísticas. En 1990 sufriu un acceso grave de paixón polos cómics e nunca se deu recuperado. A súa primeira novela gráfica, The Trial of Roger Casement, é a crónica da polémica vida do rebelde irlandés Sir Roger Casement, un revolucionario e unha icona gay, mentres que

as súas biografías de Jessica Mitford e Bernadette Devlin foron publicadas no 2018: We Shall Fight Until We Win: Celebrating a Century of Pioneering Political Women.

**Marta Fermín**, 1973, Oviedo, Asturias

Formouse na Escola de Arte de Oviedo, España. É propietaria de Decero Creativo, que tamén dirixe, e coordina Alma Gráfica, unha feira de arte gráfico.

**Mina Fina**, 1978, Ljubljana, Eslovenia

Estudou Comunicación Visual na Academia de Belas Artes de Ljubljana, Eslovenia. É gravadora e deseñadora gráfica.

**Nanu González**, 1971, Oviedo, Asturias

Autora e ilustradora española. A súa actividade profesional comeza no 2010 no eido dos libros ilustrados infantís. Coas súas primeiras obras gañou dous premios literarios en lingua asturiana. No 2013 publicouse o seu libro Circo Alegría; La tortuga Todovabien, ilustrada por ela, foi traducida ao catalán e ao alemán. No transcurso destes anos, tamén ten traballado noutros campos, coma a novela gráfica e o humor gráfico, ademais de participar en exposicións de arte.

**Scotty Hervouet**, 1994, Angoulême, Francia

Fixo un mestrado en cómic no ano 2016. Baixo o nome artístico de stc019 traballa como activista, artista trans cómic, ilustradora e escritora.

**Shelagh Honan**, 1965, Irlanda

Ten unha licenciatura en Belas Artes e un mestrado en medios interactivos. Traballa como fotógrafa e profesora a tempo parcial na Limerick School of Art and Design de Irlanda.

**Korina Hunjak**, 1993, Rijeka, Croacia

Asistiu á Escola de Artes Aplicadas de Rijeka e á Academia de Artes Aplicadas e ten un mestrado nesta materia. Ilustrou varios libros, colaborou en videoxogos e outros proxectos e conta con experiencia no campo da ilustración e do deseño gráfico. Actualmente traballa como profesora adxunta na Academia de Artes Aplicadas impartindo esta materia e a de cómics e ilustración. Asemade, está traballando nun novo libro ilustrado e nun proxecto persoal para un cómic.

**Jo Kelley**, 1955, Cork, Irlanda

Estudou na St Martin’s School of Art e no Goldsmiths College de Londres. A súa práctica artística aborda a mitoloxía, as escuras orixes dos contos de fadas, os métodos de clasificación e organización e o emprego da lingua vernácula.

**Samira Kentrić**, 1976, Ljubljana, Eslovenia

Gústalle crear situacións surrealistas para salientar o que ela considera o real en esencia. Os seus principais intereses están nesa zona onde as expresións pública e política se encontran cos aspectos íntimos, a miúdo eróticos, do día a día da xente. Este expresar temas incómodos ofrécelle tamén a oportunidade de confrontar os seus propios medos e de liberarse deles. Publica as súas ilustracións en importantes xornais eslovenos; diseña, entre outros, portadas para os libros dunha serie científico-filosófica e ademais debuxa para publicacións de carácter humanístico socialmente comprometidas. Publicou dúas novelas gráficas

Balkanalije (autobiografía) no 2015 (pola que recibiu o Motovun International Book Award) e Pismo Adni no 2016. Tamén lle interesa a performance e a instalación.

**Melinda Kostelac**, 1968, Rijeka, Croacia

Ten un mestrado en gravado pola Academia de Belas Artes de Ljubljana, Eslovenia, e está facendo o doutoramento na universidade de Zagreb, Croacia. É videcana de Asuntos Académicos e profesora adxunta da Academia de Artes Aplicadas da Universidade de Rijeka, Croacia.

**Raquel Lagartos**, 1982, Oviedo, Asturias

Graduouse en matemáticas e estudou na Escola de Arte de Oviedo. Publicou dúas novelas gráficas en colaboración con Julio César Iglesias.

**Hanne Larsen**, 1985, Trondheim, Noruega

Artista e fotógrafa interesada en crear e xestionar proxectos artísticos. Destaca ante todo no pensamento creativo e no desenvolvemento de conceptos, e cre que mediante a combinación da experiencia e a competencia se logran maravillosos resultados.

**Akvilė Magicdust**, 1987, Vilnius, Lituania

Graduouse en gravado e ilustración e fixo un mestrado en Belas Artes. Os seus cómics publicáronse en Vice, Kuš!, Smoke Signal, así como en moitas outras revistas independentes e cómics autoeditados.

**Maura McHugh**, Galway, Irlanda

Ten un mestrado en literatura gótico-irlandesa e tamén se licenciou en guión. É autora dunha monografía sobre a mítica película de David Lynch: Twin Peaks: Fire Walk With Me que foi candidata ao British Fantasy Award na categoría de Best Non Fiction

**Louise Mendoche**, 1984, Valence, Francia

Realizou os seus estudos na EMCA: École des Métiers du Cinéma d’Animation en Grand Angoulême, Francia. É gravadora e deseñadora gráfica e tamén traballa nos campos da animación e o vídeo.

**Merieme Mesfioui**, 1992, Durgmaya, Rabat, Marrocos

Ilustradora marroquí, deseñadora gráfica e autora de cómics radicada en Francia. A súa obra, que combina modelos tradicionais marroquís e elementos da arte islámica co deseño gráfico e un toque erótico, crea unhas imaxes únicas. Ela reclama máis liberdade para as mulleres do mundo árabe e coa súa arte, dun forte ton erótico, quere reflectir o empoderamento feminino e promover os dereitos da comunidade lgbtqia+, da que se considera aliada.

**Petra Mrša**, 1985, Rijeka, Croacia

Graduouse en varias disciplinas —psicoloxía, socioloxía e fotografía— e licenciouse en Cinematografía. Fixo a súas prácticas profesionais na Hoxton Gallery de Londres e ten varios premios no seu haber.

**Lorraine Neeson**, 1971, Irlanda

Ten unha licenciatura e un mestrado en Belas Artes pola Slade School of Fine Art, Londres, onde recibiu o premio Adrian Carruthers Studio Award e unha bolsa para os ACME Studios de Londres.

**Mery Pais**, 1990, Santiago de Compostela, Galicia

É unha artista multidisciplinar que estuda a relación entre España e Marrocos no ámbito das artes. Ten un doutoramento en feminismo e estudos de xénero e un mestrado en creación e investigación, ademais dunha licenciatura en Belas Artes.

**Ana Pečar**, 1977, Maribor, Slovenia

A súa práctica artística inclúe o vídeo, o son, a performance e o V-jaying. Na súa obra están moi presentes os elementos da natureza, sobre todo a auga. O tempo e as mudanzas que ocasiona é un dos seus focos de interese, así coma o son nas súas diferentes formas.

**Audrey Potrat**, 1991, Dijon, Francia

Gravadora e artista. Foi membro da Asociación Cultural e Artística do Centro de Artes Gráficas de Métairie Bruyère en calidade de gravadora do 2012 ao 2016. Audrey tamén estudou litografía con Elizabeth Pons no seu taller de Issoudun e no ano 2016 completou unha residencia formativa de 8 meses no Montreal Circular Workshop. A composición das súas imaxes é esencial para o seu resultado. Na súa obra recorre a un grande abano de imaxinería simbólica.

**Marija Stonyhtë**, 1991, Vilnius, Lituania

Estudou Dirección Cinematográfica e é autora de varios laureados documentais e curtametraxes. Ten traballado en longametraxes e series de ficción e na actualidade prepara o seu primeiro documental de longa duración.

**Martta Tuomaala**, 1983, Lieto, Finlandia

Ten un mestrado en Belas Artes. É membro do colectivo Miracle Workers, que representará a Finlandia na Bienal de Venecia do 2019. Tuomaala centra a súa obra en diversas formas de cine, vídeo e instalación.

**Xulia Vicente**, 1993, Cariño, Galicia

Estudou Belas Artes en Valencia. Publicou varios comic books, como Anna Dédalus, Duerme Pueblo, ou Ari, Cazador de Dragones. Tamén traballa como ilustradora freelance.

**Neringa Žukauskaitė**, 1975, Lituania

Artista gráfica que traballa con técnicas gráficas clásicas: xilografía e linogravado. Corta pranchas de madeira a mano e imprimeas cun óso especial, sen utilizar ningunha prensa. Mediante esta técnica, o proceso de impresión queda baixo o seu control. Neringa define os seus debuxos como relatos breves e como formas.